



O Software libre nos concellos de Galicia.
Edición 2016



Índice

	Páxina
1. Ficha técnica.....	3
2. Análise de datos.....	4
3. Conclusións principais.....	27



1. Ficha técnica

- **Universo:** Todos os concellos galegos (314 concellos).
- **Período de referencia da enquisa:** Último trimestre do ano 2015
- **Tamaño da mostra:** 220 enquisas.
- **Tipo de mostra:** Estratificada. Segmentouse a mostra en función de dúas variables: número de habitantes e provincia. A asignación inicial da mostra foi proporcional, se ben, foi preciso realizar unha ponderación posterior para a análise de datos.
- **Erro da mostra:** No suposto dunha mostraxe aleatoria simple, baixo a hipótese xeral máis desfavorable ($P=Q=0,5$) e cun nivel de confianza do 95,5%, o erro máximo admitido no cálculo dunha magnitude absoluta é do 3,71%.
- **Tipo de entrevista:** Cuestionario electrónico (Internet).
- **Periodicidade da enquisa:** Cada dous anos.




2. Análise de datos





Concellos con software libre / software privativo nalgún equipo informático



Base: Todos os concellos

Evolución respecto á edición anterior

Incremento en 2 anos




Software libre: 3,1 puntos
Software privativo: 0,1 puntos

O 82,6% dos concellos dispón de software libre nalgún equipo informático, en ordenadores de usuario ou servidores, aumentando 3,1 puntos porcentuais respecto á edición anterior.



Concellos con software libre / software privativo nos ordenadores de usuario




Base: Todos os concellos

O **77,1%** dos concellos galegos contan con software libre nos ordenadores de usuario, con dúas modalidades, por unha banda como única tipoloxía de software habilitada nos equipos (**2,4%**) e por outra, conxuntamente co software privativo (**74,7%**).



Concellos con software libre / software privativo nos servidores




Base: Concellos con servidores

O **47,3%** dos concellos contan con software libre nos seus servidores, ben como única tipoloxía de software (**4,9%**) ou ben conxuntamente con software privativo (**42,4%**).



Evolución dos concellos con máis de 5.000 habitantes con software libre nalgún equipo informático




Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes

A **totalidade** de concellos de Galicia, con máis de 20.000 habitantes, conta con software libre nalgún equipo informático, agás os concellos que contan cunha poboación de entre 5.001 a 20.000 habitantes, onde o software libre está presente no **96,5%**.



Evolución dos concellos con máis de 5.000 habitantes con software libre en ordenadores e servidores




Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes

Nos concellos de máis de 5.000 habitantes, a presenza de software libre nalgún equipo informático aumentou no 2015 en **4,5** puntos porcentuais respecto aos datos da edición anterior. A porcentaxe de concellos de máis de 5.000 habitantes que contan con software libre en ordenadores e servidores mantense practicamente constante un ano máis..



Barreiras do uso do software libre




Base: Concellos que NON contan con software libre

A falta de formación é a razón principal pola que os concellos non contan con software libre nas súas entidades (64,8%), seguido polo descoñecemento do software libre ou a falta de información e a falta de persoal ou de cualificación, estas dúas causas acadan o 56,4% e o 56,2%, respectivamente.



Tipoloxía de sistemas operativos e aplicacións informáticas en ordenadores de usuario




Base: Concellos con software libre unicamente ou en combinación con software privativo, en ordenadores de usuario

O software libre ten maior implantación nas aplicacións libres que nos sistemas operativos. Así, a porcentaxe de concellos con aplicacións libres duplica á dos que dispoñen de sistemas operativos.



Tipoloxía de sistemas operativos e aplicacións informáticas en servidores




Base: Concellos con software libre unicamente ou en combinación con software privativo, en servidores

En canto aos servidores, a tendencia inverte-se: A presenza de software libre é lixeiramente superior nos sistemas operativos.



Tipoloxía de software dispoñible en aplicacións informáticas de uso xeral




Base: Concellos que dispoñen da aplicación informática correspondente

A combinación software libre e software privativo é a máis común en todas as aplicacións informáticas de uso xeral analizadas, agás no caso do antivirus e seguridade, no que é o software privativo o que ten unha maior presenza. É salientable que no caso dos Navegadores de Internet, a porcentaxe de concellos que opta só por software libre (26%) é máis do dobre que a que opta só por software privativo (11%)



Valoración global do uso dos distintos tipos de software

Escala empregada: 1 (valor máis baixo) a 10 (valor máis alto)




Base: Concellos con software libre

Base: Concellos con software privativo

As valoracións tanto de software libre como software privativo están ao redor do 7, en valores similares ao ano anterior.



Nivel de satisfacción do uso de software libre nos concellos con máis de 5.000 habitantes




Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes e con Software Libre

As valoracións sobre o uso de software libre nos concellos de máis de 5.000 habitantes mantense constante.



Previsión da evolución do uso do software libre nos concellos en 1 ou 2 anos




Base: Todos os concellos

De maneira global, o **80%** dos concellos galegos consideran que o software libre aumentará ou manterase nos próximos dous anos. Un **42,9%** dos concellos apostan por un aumento do software libre nos ordenadores de usuario nos próximos dous anos, e no caso dos servidores, máis da metade dos concellos decántanse por unha situación de mantemento do software libre, se ben, unha cuarta parte considera que aumentará.



Previsión da evolución do uso de software libre nos concellos con máis de 5.000 habitantes




Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes e con software libre

O 60,5% dos concellos de máis de 5.000 habitantes considera que o software libre aumentará e un 31,5% que se manterá igual.



Formación informática recibida polo persoal interno da entidade no último ano




Base: Todos os concellos

O persoal usuario dos programas, son os principais receptores da formación informática, acadando o **43,7% dos concellos**, mentres que no caso de técnicos ou encargados das actividades informáticas, a porcentaxe de concellos que lles ofertaron formación é do **36%**.



Tipoloxía de formación informática recibida polo persoal da entidade local no último ano




Base: Concellos con persoal interno que recibiu formación

No referido á formación informática recibida polo persoal da entidade no último ano, a resposta máis frecuente foi en ambos os dous tipos de software



Formación facilitada aos encargados das actividades informáticas no último ano en concellos con máis de 5.000 habitantes




Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes

A formación en software libre nos concellos de máis de 5.000 habitantes incrementouse en **4,7** puntos porcentuais, acadando unha porcentaxe do **39,6%**.



Formación facilitada ao persoal usuario no último ano en concellos con máis de 5.000 habitantes




Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes

No caso do persoal usuario, nos concellos de máis de 5.000 habitantes, mantívose practicamente invariable a formación informática cun **60,5%**, mentres que a formación de software libre aumentou ata o **43,9%**, incrementándose 3 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.



Nivel de coñecementos de software libre dos encargados informáticos e persoal usuario dos concellos




Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes

Obsérvase unha gran diferenza en canto ao nivel de coñecemento de software libre en función dos postos laborais, acadando así un 6,8 de nivel de coñecemento medio no caso dos técnicos encargados das actividades informáticas, e reducíndose a un 4,6 no caso do persoal usuario dos programas que non son informáticos.



Accións comerciais recibidas no último ano




Base: Todos os concellos

O **24,5%** dos concellos galegos recibiron algún tipo de acción comercial de software libre, mentres que máis da metade dos concellos recibiron algunha acción comercial en software privativo no último ano, concretamente o **51,5%**.



Accións para promover o software libre nas entidades




Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes

A principal acción que se demanda dende os concellos para a promoción do software libre é a formación aos usuarios nesta materia (**83,8%** dos concellos), seguido polo asesoramento ao caso concreto do concello cun **75,9%**.



Modalidade do xestor de contidos das entidades




Base: Concellos con xestor de contidos

Case a metade dos concellos galegos, que contan cun xestor de contidos de portais e páxinas web, optan pola modalidade de software libre, concretamente o **48,1%**, superando en **7,4 puntos** ao software privativo.



Modalidade dos documentos descargables da páxina web




Base: Concellos que contan cunha páxina web que permite descargar documentos

Máis da metade dos concellos, que contan na súa páxina web con documentos descargables, opta exclusivamente por estándares abertos, concretamente o **51,7%**, e o **40,1%** dos concellos emprega as dúas tipoloxías de estándares mentres que un **6,2%** emprega aínda exclusivamente estándares pechados.



3. Conclusións principais






- O **82,6% dos concellos dispón de software libre nalgún equipo informático**, en ordenadores de usuario ou servidores, aumentando 3,1 puntos porcentuais respecto á edición anterior. Concretamente, o 77,1% dos concellos galegos contan con software libre nos ordenadores de usuario e o 47,3% dos concellos contan con software libre nos seus servidores.
- O **software libre ten maior implantación nas aplicacións libres que nos sistemas operativos dos ordenadores**. Así, a porcentaxe de concellos con aplicacións libres nos ordenadores duplica á dos que dispoñen de sistemas operativos. En canto aos servidores, a tendencia invértese: A presenza de software libre é lixeiramente superior nos sistemas operativos.
- A combinación software libre e software privativo é a máis común en todas as aplicacións informáticas de uso xeral analizadas, agás no caso do antivirus e seguridade, no que é o software privativo o que ten unha maior presenza. É salientable que no caso dos **Navegadores de Internet, a porcentaxe de concellos que opta só por software libre (26%) é máis do dobre que a que opta só por software privativo (11%)**



- **A falta de formación é a razón principal pola que os concellos non contan con software libre** nas súas entidades (64,8%), seguido polo descoñecemento do software libre ou a falta de información e a falta de persoal ou de cualificación, estas dúas causas acadan o 56,4% e o 56,2%, respectivamente.
- Non obstante, o 80% dos concellos galegos consideran que o software libre aumentará ou manterase nos próximos dous anos.
- **Case a metade dos concellos galegos, que contan cun xestor de contidos de portais e páxinas web, optan pola modalidade de software libre**, concretamente o 48,1%, superando en 7,4 puntos ao software privativo.
- **Máis da metade dos concellos, que contan na súa páxina web con documentos descargables, opta exclusivamente por estándares abertos**, concretamente o 51,7%, e o 40,1% dos concellos emprega as dúas tipoloxías de estándares mentres que un 6,2% emprega aínda exclusivamente estándares pechados. .
- A principal acción que se demanda dende os concellos para a promoción do software libre é a formación aos usuarios nesta materia (83,8% dos concellos), seguido polo asesoramento ao caso concreto do concello cun 75,9%.



galiciã



XUNTA
DE GALICIA